



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS LISTAXE AUXILIARES DE APOIO A PRAIA 2022

En Carnota, ás 11:00 horas do día 17 de xuño de 2022 na Casa do Concello, constitúese o Tribunal para conformar a creación dun listaxe previo a contratación de AUXILIAR DE PRAIAS 2022 do Concello de Carnota polo sistema de concurso de méritos, que queda integrado da seguinte forma:

Presidente: José Antonio Maceiras Martínez

Vogais:

- Don Jesús López Rama
- Dona María José Lago Freire
- Don Inocencio Álvarez Lago

Secretaria: María Dolores Maceiras Martínez

O 1.02.2022 (DOG núm. 21) a Consellería de Emprego e Igualdade publicou a Orde do 7 de xaneiro do 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022, solicitando **5 socorristas e 1 auxiliar de apoio** baixo o procedemento TR351A.

O día 11 de maio do 2022, por comunicación do Xefatura Territorial da Consellería da Consellería de Economía, Emprego e Industria, recíbese Resolución favorable para a contratación de **5 (CINCO)** socorristas e **1 (UN)** auxiliar de apoio dentro do Grupo 4 e Grupo 8 respectivamente, para a contratación do servizo por un período de **2 meses**.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas por resolución da alcaldía en data 01/06/2022, presentouse unha oferta de emprego no servizo público de emprego de Galicia, para elaborar unha listaxe de candidatos/as a efectos de cumprir o regulado no artigo 14 da Orde do 7 de xaneiro do 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade.

Convocados os aspirantes que non presentaron documentación acreditativa do Celga1, relacionados a continuación efectuouse a proba de galego segundo o establecido nas bases da convocatoria a D. José Laureano Saborido Siaba obtendo o resultado de APTO.

De seguido realizada a valoración dos candidatos admitidos o resultado é o seguinte:

	Nome	CV	Entrevista	Puntuación Total
1	José Manuel Lariño Rama	2	3	5
2	José Laureano Saborido Siaba	0	3	3
3	José Manuel Sánchez Sande	0	3	3
4	Manuel Domingo Senande Cambeiro	0	3	3

Vista a puntuación final, o tribunal formula a proposta de contratación de José Manuel Lariño Rama e faina pública na web e no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Carnota, establecendo un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións. No caso de existir estas, reunirase de novo o tribunal para resolvelas.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 12:30 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto acta que someto á sinatura do Presidente e Vogais presentes; dou fe.